García Ballesteros, Estela. Non xunta proxecto docente.

Sánchez Brin, María Elena. Non xunta proxecto docente.

Gómez Cebey, Sabela. Titulación non homologada.

Córdoba Fernández, Antonio. Non xunta proxecto docente.

*Anuncio do 31 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisorias e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 6 de xuño de 2007, desta secretaría, polo que se comunicaba a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas nas escolas oficiais de idiomas de Vigo e A Coruña, nas especialidades de chinés e xaponés (*Diario Oficial de Galicia *do 15 de xuño).*

Rematado o prazo para presentar a instancia solicitude e realizada a baremación dos méritos do baremo aberto polo Anuncio do 6 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas das escolas oficiais de idiomas de Vigo e A Coruña, nas especialidades de chinés e xaponés, procede á publicación das puntuacións provisorias e a relación de excluídos, das citadas disciplinas, no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

*RESOLVE:*

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (http://www.edu.xunta.es profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións provisorias e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas nas escolas oficiais de idiomas de Vigo e A Coruña, nas especialidades de chinés e xaponés.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos das especialidades de chinés e xaponés no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisorias poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*ANEXO*

LISTAXE DE EXCLUIDOS DE XAPONES

| NIF/NIE | APELIDOS E NOME | CAUSAS DA EXCLUSION |
|---|---|---|
| 53186423 | GONZALEZ RODRIGUEZ, DAVID | TITULACION NON IDONEA |
| X-1917721-G | IRIE YUKA | TITULACION NON IDONEA |
| X-3475182-M | KIKKAWA YOSHIE | TITULACION NON IDONEA |
| X-2450599-H | KOISO MAYUMI | TITULACION NON IDONEA |
| 33291309-M | RIVAS CASTRO OLGA | TITULACION NON IDONEA |
| X-2245666-S | SAYURI NISHIMURA | TITULACION NON IDONEA |
| X-2823656-S | TAKAHASHIMINAKO | TITULACION NON IDONEA |

LISTAXE DE EXCLUIDOS DE CHINES

| NIF/NIE | APELIDOS E NOME | CAUSAS DA EXCLUSION |
|---|---|---|
| 52933053-W | GONZALEZ BARREIRO REBECA | TITULACION NON IDONEA |
| C-654129 | MALERBA ALESSIA | TITULACION NON IDONEA |
| X-2634455-N | NI YAN | TITULACION NON IDONEA |
| 76575303-T | VARGLA VIZCAINO CESAR | TITULACION NON IDONEA |

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 27 de xuño de 2007 pola que se convocan as probas selectivas para o ingreso na escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos desta universidade polo sistema de promoción interna.*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes ás probas selectivas para o ingreso na escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, polo sistema de promoción interna, convocadas por Resolución do 3 de marzo de 2006, esta reitoría, en aplicación do previsto na convocatoria, resolve aprobar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas (anexo que se acompaña) que será exposta no taboleiro de anuncios da Reitoría (rúa Maestranza, s/n.), na Vicerreitoría do Campus de Ferrol (Doutor Vázquez Cabrera, s/n), na páxina web desta universidade e no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo co previsto na resolución antes mencionada, convócanse as persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio da oposición que terá lugar o 3-9-2007 ás 10.00 horas na aula 2.0 da Facultade de Informática. O mesmo día da realización desta primeira proba deberán presentar o proxecto que terán que defender na terceira proba.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas do documento nacional de identidade ou de documento legal que acredite a súa identidade e dun bolígrafo azul ou negro.